

BASES DA CONVOCATORIA

• REGRAS XERAIS

- O Premio está aberto ao público en xeral, agás os integrantes da Xunta Directiva actual de Alumni USC.
- O tema será de libre escolla, rigorosamente inédito e redactado en Lingua Galega.
- O relato terá un máximo de 7 páxinas de tamaño DIN A4, interlineado a dobre espazo e letra Times New Roman tamaño 12.

• VALORACIÓN E PREMIO

- O xurado estará composto por persoas entendidas na materia. Este poderá declarar deserto o premio e a súa decisión será inapelable a todos os efectos.
- O premio terá unha dotación de 500 euros, patrocinados polo Hospital HM La Rosaleda. Entregarase, ademais, un diploma acreditativo.
- O feito de presentarse a este concurso supón a aceptación e cumprimento das bases expostas

• ENTREGA

- O prazo de admisión dos relatos estará aberto entre o 15 de Xuño e o 15 de Outubro de 2024.
- Os relatos achegaránse por dúas posibles vías:
 1. Por correo electrónico a alumni@usc.es con dous arquivos adxuntos: un co relato presentado baixo pseudónimo e outro cos datos persoais do autor (nome completo, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico).
 2. Por correo certificado, enviando un sobre con tres copias do relato e outro sobre, pechado, en cuxo exterior figure o pseudónimo empregado e no interior unha folla cos datos persoais do autor (nome completo, enderezo postal, número de teléfono e correo electrónico). Os sobres se enviarán á sede de Alumni USC: Rúa da Conga nº1, 15704 Santiago de Compostela (A Coruña). A documentación presentada vía correo certificado non será devolta ao autor.
- A Asociación resérvase á facultade de publicar as narracións, que quedarán en poder da mesma, sen que os autores teñan dereito a compensación económica algunha.

PATROCINA: